


Que é a REGAPS?



A **Rede Galega de Promoción da Saúde (REGAPS)** é unha organización dependente da Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables, que se crea a raíz do Plan Obesidade Zero en Galicia 2022-2030, co fin de potenciar todas aquelas estratexias locais que melloren a saúde da poboación.

Cales son os nosos obxectivos?

- **Promover estilos de vida saudables** na poboación galega.
- **Establecer un nexo de unión** entre todos os actores relacionados coa promoción da saúde no ámbito local.
- Analizar a situación en cada territorio galego para **optimizar os recursos existentes, levar a cabo boas prácticas** e **implementar accións para a mellora** da saúde da comunidade.
- Elaborar un **mapa de recursos e actividades** comunitarias a través da plataforma Atopa Saúde.
- Desenvolver liñas estratéxicas do **Plan Obesidade Zero en Galicia**.

Que permite adherirse a REGAPS?

- Participar nun **marco común de traballo compartido** con outras entidades para beneficiarse de todas as boas prácticas e a experiencia acumulada, co fin de avanzar na promoción de saúde a nivel local.
- **Recibir propostas de programas e actividades** dirixidas a fomentar e conseguir unha poboación máis saudable no ámbito político, educativo, social e sanitario.
- Dispor dun **informe de situación do municipio** e **mapa de activos para a saúde** a través da plataforma Atopa Saúde. Accede á ferramenta nesta ligazón.
- Recibir **formación, capacitación, asesoramento e apoio técnico** en materia de promoción da saúde mediante cursos, xornadas e actividades
- **Garantir a difusión e a potenciación das distintas actividades** e intervencións comunitarias ofertadas por cada entidade
- **Facilitar a adhesión a outras redes** co fin de obter financiamento para levar a cabo actuacións que promovan contornos saudables
- **Establecer unha rede de saúde** no municipio que permita xerar un marco de traballo participativo entre todos os actores relacionados coa promoción da saúde na comunidade
- Conseguiar a **inclusión en plataformas en liña** como entidade comprometida coa promoción da saúde

Que necesito facer para adherirme a REGAPS?

1. **Designar un representante** para establecer unha canle de comunicación directa co equipo da **REGAPS**.
2. Colaborar coa **REGAPS** para levar a cabo iniciativas de promoción da saúde.
3. Remitir o **formulario** de adhesión cos datos de contacto.

[Acceso ao formulario](#)

Unha vez completado o formulario, o equipo de responsables de área poñerase en contacto con vostede.

Pode consultar os organismos adheridos á rede [premendo aquí](#).

Recursos

Plan Obesidade Zero 

Atopa saúde 
Venres saudable 
Axenda saudable 
Sanidade Mediaverso 
Formulario de Adhesión 